Acta da sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do día 22 de novembro de 2024

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **22 de novembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Deza Martínez
(Vicepresidenta, en funcións de Presidenta)
Jesús María Fernández Rosende
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
(Vicepresidente en funcións)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Jesús María Fernández Rosende
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Miguel Ángel Viso Diéguez)
Rubén Lorenzo Gómez
Noelia Pérez López
(en substitución de Borja Verea Fraiz)
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros asistentes:
Silvia Longueira Castro (S)
Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do doc. núm. 14826, no que o G.P. dos Socialistas de Galicia solicita o aprazamento da proposición non de lei da súa autoría doc. núm. 11481 (1.3). Aprazamento que se acepta por asentimento.

1.3 11481 (12/PNC-001088)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que active de forma inmediata todas as axudas do Fondo de Transición Xusta destinadas a compensar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024

-O secretario abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento-.

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 2170 (12/PNC-000279)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en materia de axudas e políticas de apoio ao autoconsumo enerxético
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024

O **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta iniciativa non se presentaron emendas polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, e dado que o señor Ojea Bouza (M) declina facer uso da palabra, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey, Patricia (S**) quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Nesta mesma rolda o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** tras expoñer diversas consideracións discrepantes coa proposta formulada, defende as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** agradece o apoio amosado polo G.P. dos Socialistas de Galicia e rebate moitas das argumentacións expostas polo voceiro do grupo maioritario.

1.2 7017 (12/PNC-000815)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación co establecemento de medidas de dinamización do comercio local que avoguen por premiar as persoas consumidoras del
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 60, do 05.08.2024

A **señora Méndez López, Lara (S)**, manifesta as razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposta, ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, e logo de declinar facer uso da palabra o señor Ojea Bouzo (M), intervén en primeiro lugar a **señora Gonzalez Iglesias, Carmela (BNG),** que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Nesta mesma rolda a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas pola señora propoñente, defende a postura da Xunta de Galicia e propón unha emenda "in voce" ao comenzo da iniciativa co seguinte texto: *"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que nas actuacións da Xunta de Galicia se siga a manter o convenio coa Federación Galega de Comercio para as campañas de dinamización do comercio de proxímidade, estímulo da demanda comercial e do consume e faciliten o desenvolvemento e mellora da actividade comercial"*. De aceptarse esta emenda apoiarían a devandita proposta.

A **señora Méndez López, Lara (S),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario e pedir o apoio para a iniciativa nos termos en que está redactada.

1.4 13885 (12/PNC-001345)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego, co fin de evitar accidentes como o acontecido no estaleiro Blascar, de Ferrol, da promoción dunha cultura de máxima intolerancia cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112f1, do 05.11.2024

O **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (P)**, explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Ao longo da anterior intervención incorpórase á sesión a señora Longueira Castro (S), logo de terse ausentado da mesma a súa compañeira de grupo señora Iglesias Rey.

Tampouco a esta iniciativa se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, intervén en primeiro lugar a **señora Méndez López, Lara (S),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, xustifica as razóns polas que a van apoiar.

Nesta mesma rolda fai uso da palabra polo **G.P. Popular de Galicia, a señora Pérez López, Noelia**, que comeza a súa intervención lamentando as perdas de vidas de todos os traballadores e, en nome do seu grupo, transmitir as condolencias ás familias e amigos; pasando a continuación a puntualizar moitos dos datos amosados polo propoñente ao tempo que defende o compromiso amosado dende sempre pola Xunta de Galicia.

O **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (P),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia e rebater moitos dos argumentos do grupo maioritario.

Rematado o debate e antes de entrar no trámite de votación das proposicións non de lei, pregúntalle á señora Méndez López se acepta a emenda "in voce" proposta pola señora Rodríguez Carrera, ao que a señora propoñente lle resposta que acepta a presentación da emenda "in voce", pero argumenta as razóns polas que non a vai aceptar.

Deseguido procédese á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 2170 (12/PNC-000279), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.2 7017 (12/PNC-000815), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

1.4 13885 (12/PNC-001345), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta en funcións agradécelles a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:00 horas.

María Deza Martínez

Firmado digitalmente por María Deza Martínez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Deza Martínez, email=maria.deza.martinez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.04 10:56:31 +01'00'

María Deza Martínez
Presidenta en funcións da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo

Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2025.02.04 10:47:47 +01'00'

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión